

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 21 de decembro de 2020 na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo, que poden ser do seu interese:

- \* Aprobación da acta correspondente á sesión ordinaria do 20 de novembro de 2020.
- \* Aprobación do establecemento do teito de gasto para o exercicio orzamentario 2021.
- \* Aprobación do proxecto de orzamentos da Universidade de Vigo para 2021.
- \* Aprobación do Plan Estratéxico da Universidade de Vigo para o período 2021-2026.
- \* Aprobación da normativa de dedicación e recoñecementos docentes do profesorado para o curso 2021/22.
- \* Aprobación da convocatoria dunha praza de catedrática/o de Universidade na área de Dereito internacional privado, no campus de Ourense, correspondente á OEP do ano 2020.
- \* Aprobación do manual do programa Docentia.
- \* Aprobación do modelo e as especificacións da enquisa de avaliación docente.
- \* Aprobación da modificación do nome da Escola Universitaria de Estudos Empresariais por Facultade de Comercio.
- \* Aprobación da creación do centro interuniversitario de matemáticas.
- \* Aprobación do nomeamento de D<sup>a</sup>. María Luz Loureiro García como investigadora honorífica da Universidade de Vigo.
- \* Elección do seguinte membro do Comité de Dirección da EIDO:
  - polo sector estudantes do ámbito xurídico-social :
    - Tamara Fernández Arias.

O secretario xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de

reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.